

### **1.- Curso de deseño e validación de cuestionarios**

---

A *Escuela Andaluza de Salud Pública* (EASP) organiza un curso sobre deseño e validación de cuestionarios:

- Duración: 30 horas
- Datas: 10 a 14 de xuño de 2013 (Granada)
- Matrícula: 580 €
- Prazo de inscrición: ata o 4 de maio de 2013

Máis información: <http://www.easp.es/cursos?idCurso=314301NA13>

### **2.- Estancias posdoutorais no IMUS**

---

O *Instituto de Matemáticas de la Universidad de Sevilla* (IMUS) convoca axudas para a realización de estancias posdoutorais de 2 meses na *Universidad de Sevilla*. Estas estancias están dirixidas a doutores en Matemáticas que teñan defendido a súa tese no ano 2008 ou con posterioridade, e que na actualidade e durante os últimos tres anos realizaran a súa actividade investigadora habitual nun centro de investigación externo á *Universidad de Sevilla*.

- **Presentación de solicitudes:** do 10 de abril ao 10 de decembro de 2013.
- **Período para realizar as estancias:** do 1 de setembro de 2013 ao 31 de xullo de 2014.

Máis información: <http://www.imus.us.es/noticia/359>

### **3.- Actividades de RSME-Imaginary**

---

Obradoiro de papiroflexia:

- Data e hora: xoves 18 de abril de 2013, ás 19:00 horas.
- Lugar: aula 12 da Facultade de Xeografía e Historia da USC.

Matemáticas efervescentes:

- Data e hora: sábado 20 de abril de 2013, ás 12:00 horas.
- Lugar: mercado de abastos de Santiago de Compostela.

Máis

información:

[http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/imaginary/actividades\\_complementarias.html](http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/imaginary/actividades_complementarias.html)

#### **4.- VIII Semana Matemática de Vigo**

---

A Asociación Escola Rosalía de Castro, coa asesoría pedagóxica da Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (AGAPEMA) e o patrocinio de Novacaixagalicia, Concello de Vigo e SMART, organiza a **VIII SEMANA MATEMÁTICA DE VIGO**, que se vai desenvolver entre o 6 e o 15 de maio con diferentes actividades dirixidas ao alumnado, profesorado e público en xeral.

Máis información: [http://www.escolarosaliadecastro.edu.es/index.php?option=com\\_content&view=article&id=426&Itemid=329](http://www.escolarosaliadecastro.edu.es/index.php?option=com_content&view=article&id=426&Itemid=329)

#### **5.- Actividades do Ano Internacional da Estatística en España**

---

##### Universidad CEU San Pablo de Madrid:

Como parte das actividades destinadas ao fomento da investigación científica, a *Asociación Española de Profesores de Matemáticas para la Economía y la Empresa* (ASEPUMA) e a *Universidad CEU San Pablo* de Madrid, organizan a xornada "2013 Ano Internacional da Estatística", que se celebrará na Facultade de Ciencias e Económicas da *Universidad CEU San Pablo* o venres 31 de maio de 2013.

Máis información: <http://www.seio.es/Noticias/Jornada-del-A-o-Internacional-de-la-Estadistica-organizada-por-ASEPUMA-y-la-Universidad-CEU-San-Pab.html>

##### Universidad Carlos III de Madrid

O Departamento de Estatística da *Universidad Carlos III* de Madrid organiza a "**Jornada de la Estadística**", que terá lugar o vindeiro 23 de abril de 2013 na Aula Magna da *Universidad Carlos III* (Edificio Rectorado do Campus de Getafe).

Programa:

\* 11:30. Charla "Fisher e a Estatística como ferramenta fundamental para o coñecemento" a cargo de Daniel Peña, Reitor da *Universidad Carlos III* de Madrid.

\* 12:30. Mesa Redonda sobre "Aplicacións da Estatística no mundo empresarial" con representantes de destacadas empresas (AXA, EADS, EDP, E&Y, Banco de Santander, Instituto de Salud Carlos III).

Máis información: [http://www.uc3m.es/portal/page/portal/dpto\\_estadistica/AIE\\_2013](http://www.uc3m.es/portal/page/portal/dpto_estadistica/AIE_2013)

##### Universidad de Granada (UGR)

- Ciclo de conferencias divulgativas de 35-40 minutos dirixidas aos alumnos, e que teñen por obxectivo aumentar a súa motivación e dar visibilidade á Estatística e ó seu impacto na

sociedade e na vida cotiá. O programa inclúe 9 conferencias programadas para o curso 2012-13 e outras 14 conferencias para o curso 2013-14.

Máis información: <http://www.ugr.es/~cctecnie/AIE/AIE.html>

- A páxina web <http://www.ugr.es/~cctecnie/AIE/AIE.html> informa das actividades que se realizan na UGR como motivo do Ano Internacional da Estatística, e das que se realizan noutras universidades. Tamén contén links a artigos, entrevistas e blogs sobre o tema. Estas noticias poden seguirse tamén en facebook e twitter: AIEstadisticaUgr.

- Os profesores Francisco Ocaña Peinado e Román Salmerón Gómez crearon en xaneiro de 2013 o blog "**Estadística por todas partes**", que ten como obxectivo reivindicar o papel protagonista que debe ter a Estatística como ferramenta indispensable para a toma de decisións.

Un saúdo,  
SGAPEIO  
Facultade de Matemáticas  
Campus Vida, s/n  
15782 Santiago de Compostela  
A Coruña (ESPAÑA)  
E-mail: [secretaria@sgapeio.es](mailto:secretaria@sgapeio.es)  
Web: <http://www.sgapeio.es>